

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TUI

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORDENANZA ICIO

Rematado o período de exposición ao público sen formularse ningunha reclamación á modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, aprobada polo Pleno do Concello de Tui en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2018 (publicado no BOPPO número 163, do día 24 de agosto de 2018), cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza citada, incluíndo a modificación definitivamente aprobada:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN,
INSTALACIÓN E OBRAS**

ARTIGO 1º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda o concello da imposición.

ARTIGO 2º.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.



ARTIGO 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E “DEVENGO”

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será o 4%.
4. O imposto “devengase” no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

ARTIGO 4º.- XESTIÓN

Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

En función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo houbese sido visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo. Cando, iniciada a tramitación da solicitude, o orzamento inicialmente achegado sufra modificacións no seu importe, expedirase liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado.

Cando a Ordenanza Fiscal, así o prevea, en función dos índices ou módulos que se entaleza.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custe real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.



ARTIGO 5º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións que a complementan e desenvolven.

ARTIGO 6º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

ARTIGO 7º.- EXENCIONS E BONIFICACION

1. Bonificación na porcentaxe máxima que permite a lei, para branqueo, pintado, limpeza de exteriores, e cerramentos con elementos vexetais, en inmoables sitios dentro do perímetro delimitado como zona monumental e zona de respecto.
2. A) Bonificación do 50% da cota do imposto a prol das construcións, instalacións ou obras que se atopen nos seguintes casos:
 - 2.1 Obras no ámbito territorial da Área de Rehabilitación integrada no Conxunto Histórico da cidade de Tui segundo o plano que se achega na “Declaración de Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Tui” con data 06 de Setembro do 2001.
 - 2.2 Obras de conservación e rehabilitación de bens contidos no Catálogo (complementario ó Plan de Ordenación en vigor), de edificios, elementos e conxuntos obxecto de protección.
 - 2.3 Obras nas que concorran circunstancias de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración e que obtiveran a cualificación de ILE expedida pola Xunta de Galicia.
- B) Una bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.
- C) Bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial. A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refiren os parágrafos anteriores.
3. Carácter rogado das bonificacións, a que se refire o apartado 1 e 2.A) deste mesmo artigo, que se tramitaran a petición de parte interesada ante este Concello, achegando a documentación acreditativa que faga valer os seus dereitos; sendo o Pleno Corporativo, co voto favorable da maioría simple, o órgano competente para resolvela.



Luns, 5 de novembro de 2018

Núm. 212

4. Establécese unha bonificación do 95% a favor das obras de reconstrución, reparación ou rehabilitación dos inmobles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos do día 23 de maio de 2018, por concorrer circunstancias sociais que xustifican que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

Esta bonificación se concederá, previa solicitude do suxeito pasivo, polo Pleno da Corporación por voto favorable da maioría dos seus membros, aplicándose con carácter retroactivo dende o día 23 de maio de 2018. A súa tramitación se levará a cabo polo departamento de Urbanismo do Concello, que informará sobre a súa procedencia no caso de tratarse de obras referidas a inmobles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA

No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a normativa tributaria.

SEGUNDA

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Contra o citado acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Todo elo sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso ou acción que estimen pertinente.

En Tui, Documento asinado dixitalmente á marxe.

O alcalde

Carlos Vázquez Padín

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 7B4LTHYA7EDQ6M

